DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso-Oposición; V=Vacante.

**B) PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:**

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL - SERVIZOS SOCIAIS	1	TRABALLO SOCIAL	COMPARTIDO CO CONCELLO DE GUNTÍN
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	DIPLOMADO	VACANTE
ENCARGADA DO P.A.I.	1		VACANTE
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		VACANTE
PEÓN	2	E. PRIMARIOS	
ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS DE MANTEMENTO	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGADA DA BIBLIOTECA E SECRETARIA DO XULGADO	1	B. SUPERIOR	
OFICIAL DE SEGUNDA	1	E. PRIMARIOS	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	

**ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2021:**

**1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO):**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A extinguir en caso de cubrixe como laboral fixo
Persoal convenio motomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do programa denominado Depuemprego	7	Xornada parcial 75% (6 meses)
Persoal do P.A.I.	2	A extinguir en caso de cubrixe como laboral fixo
Traballador Social (agrupación Friol - Guntín)	1	Xornada completa
Atención temperá.- Terapeuta ocupacional	1	Media xornada
Atención temperá.- Psicóloga	1	Xornada completa

Atención temperá.- Enfermeira	1	Xornada completa
Atención temperá.- Logopeda	1	Xornada completa
Obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá IV.- Director/a	1	Xornada completa
Obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá IV.- Monitor/a	2	Xornada completa
Obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá IV.- Administrativo/a	1	Media xornada
Obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá IV.- Alumnos - traballadores	20	Xornada completa

O posto de persoal laboral do Traballador Social, con carácter temporal, manterase mentres se conte coa subvención da administración autonómica, competente en materia de servizos sociais.

#### **CADRO DE PERSOAL ANO 2021:**

##### **1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

POSTO DE TRABALLO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario - Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio - (Tesoureiro) * Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Vixilante Municipal Administración Especial	C2	Vacante

(\*) En relación coa Tesourería, estarase ao indicado no expediente do Orzamento.

##### **2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Vacante
Encargada do P.A.I.	1	Vacante
Persoal de apoio do P.A.I.	1	Vacante
Peón	2	Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mante.	1	Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Oficial de 2ª	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa

##### **3.- PERSOAL EVENTUAL:**

**Ningún.**

##### **4.- ALTOS CARGOS:**

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE POSTOS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleira Delegada da Alcaldía, de Cultura e de Turismo	1	Dedicación parcial



O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 26 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0192

---

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 20/01/21 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao cuarto trimestre de 2021, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 22 de febreiro de 2021.

Lourenzá, 20 de xaneiro do 2021.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 0153

---

### *Anuncio*

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 4º trimestre de 2021, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados oídan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do

Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 5 de abril de 2021, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 21 de xaneiro do 2021.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 0154

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS BASES PARA AS AXUDAS CON DESTINO AO FOMENTO DA NATALIDADE E FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ.**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial publicado no presente Boletín con data do 21 de marzo do presente ano, aprobatorio da Ordenanza reguladora das bases para as axudas con destino ao fomento da natalidade e fixación da poboación no concello de Negueira de Muñiz., cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

#### **ORDENANZA REGULADORA DAS BASES PARA AS AXUDAS CON DESTINO AO FOMENTO DA NATALIDADE E FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS - Segundo indica a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia no seu artigo oitavo, os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, deberán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da vecindade e, en todo caso, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, as competencias «na execución de programas e proxectos destinados á atención á familia». Ao fío co anterior, no capítulo IV do Título I desta Lei régulanse as políticas públicas como instrumento importante no fomento da natalidade mediante o apoio á maternidade.

Neste senso, é preciso ter en consideración a idiosincrasia do Concello de Negueira de Muñiz, sito no límite entre Lugo e Asturias, delimitado por montañas, e sen necesidade de ser o concello con menor termo municipal de Galicia é, con todo, o que menos habitantes ten de toda a Comunidade Autónoma galega. Os nosos veciños suman un censo de 215 persoas segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística no ano 2019, a maioría deles xubilados.

Así mesmo, a día de hoxe, os veciños de Negueira de Muñiz están a unha distancia de máis de hora e vinte minutos en coche da capital lucense, da que lles separan 90 quilómetros. No núcleo poboación hai un centro de primeira asistencia médica pero, en caso dunha urxencia hospitalaria, os veciños deben desprazarse ata a localidade veciña de A Fonsagrada, a media hora de traxecto. Unha situación que non fai máis que agravar a crise demográfica na que se encontra o noso Concello.

Asemade, na situación actual, é preciso ter en conta o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a través do cal establécense unha serie de medidas preventivas encadradas na acción decidida do Goberno para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.

Tendo en consideración que ante a crise económica e social derivada das medidas implementadas pola citada norma que traen causa das consecuencias do COVID-19, é función indelegable do público, e das institucións, o coidar e protexer a toda a cidadanía; sendo este feito un dos elementos fundamentais das democracias europeas (artigo 103 da Constitución Española).

Sen perxuízo do anterior e independentemente de que as competencias en canto a ordenación territorial corresponden á Comunidade Autónoma, este Concello, non pode permanecer impasible ante esta situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade quedando por tanto acreditado o interese social e xeral do das políticas públicas executadas en base ás realidades postas de manifesto.

En virtude do tenor dos antecedentes descritos, o Concello de Negueira de Muñiz decide crear unha línea de axudas en especie co obxecto de axudar a compensar os gastos ocasionados pola incorporación dun novo fillo ou filla á unidade familiar.

O asento legal das referidas axudas encontra o seu lugar no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así coma o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que indican que, entre outras, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: «[...] con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública»

Conxuntamente co anterior a disposición adicional quinta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, regula que «aplicarase esta lei, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servizos cuxa adquisición se realice coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro». En estes mesmos termos exprésase a disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por tanto, á vista das consideracións xurídicas expresadas na presente exposición de motivos, queda aclarado que o pago da subvención non supón ningún desembolso pecuniario en favor da persoa ou persoas beneficiarias, senón o outorgamento dos bens subvencionados,

previamente adquiridos pola Entidade Local concedente coa intención de outorgalos ás veciños beneficiarios que no seu caso correspondan.

#### Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza regular as condicións e réxime xurídico, para a concesión de prestacións económicas en especie polo nacemento ou adopción de fillos no seno de familias ou unidades de convivencia, con residencia habitual no termo municipal de Negueira de Muñiz

Así mesmo, regulará os beneficiarios, requisitos, procedemento de concesión e devolución, no seu caso.

#### Artigo 2. Finalidade da subvención.

1. As axudas, obxecto desta ordenanza, teñen como finalidade axudar a compensar os gastos ocasionados pola incorporación dun novo fillo ou filla á unidade familiar.

Dará lugar ao recoñecemento da axuda cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice nas condicións establecidas nesta disposición normativa.

2. Coa subvención regulada nesta ordenanza preténdese axudar ás unidades familiares do municipio ás que se incorpora un novo membro, menor de idade, co incremento de gastos que iso supón, para unha adecuada formación e desenvolvemento integral da persoa.

#### Artigo 3. Persoas beneficiarias.

1. Serán persoas beneficiarias da axuda:

a) En caso de nacemento, a nai ou o pai. Nos supostos de falecemento da nai ou do pai sen solicitar a presente axuda, será beneficiario o outro proxenitor ou o titor legal do menor, no seu caso.

b) Nos casos de adopción por persoas de distinto sexo, a muller, sempre que a adopción constituíuse ou recoñecido por autoridade competente, conforme ao establecido no artigo 175 e seguintes do código civil

c) Se as persoas adoptantes fosen persoas do mesmo sexo, a persoa beneficiaria será aquela que ambas determinen de común acordo, sempre que a adopción se sexa recoñecida formalmente pola autoridade competente.

d) Se a adopción prodúcese por unha soa persoa, esta será a beneficiaria sempre que se constituíu ou recoñecido por autoridade competente e non se trate de descendente do cónxuxe ou parella de feito, baixo a súa tutela, previo á adopción.

En ningún caso será persoa beneficiaria o adoptante cando se produza a adopción dun menor por unha soa persoa e subsista a patria potestade dun dos proxenitores.

e) Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o proxenitor, cuxa custodia teña recoñecida no convenio regulador, sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio

En ningún caso serán beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade ou cuxa tutela efectiva fose asumida por unha institución pública.

Nos supostos de falecemento ou incapacidade sobrevinda da mesma sen solicitar a axuda, será beneficiario o outro adoptante ou o titor legal do menor, no seu caso.

#### Artigo 4. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

As persoas interesadas en formular a solicitude da axuda regulada na presente convocatoria, deberán reunir os requisitos que seguidamente se indican:

a) Será requisito necesario que polo menos una das dúas persoas proxenitores, adoptantes no seu caso, ou en xeral persoas beneficiarias, residan de forma legal, efectiva e continuada no municipio de Negueira de Muñiz e atópese empadroado ou empadroada no mesmo domicilio no referido municipio, cunha antigüidade de polo menos un ano antes da data do nacemento ou da data da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción nas condicións indicadas.

b) Non obstante ao disposto na letra anterior, no caso de que un dos proxenitores, adoptantes no seu caso, ou en xeral persoas beneficiarias, do recentemente nado sexa natural do Concello de Negueira de Muñiz non será preciso que, no momento do nacemento, estea empadroado no Concello. Todo elo sen perxuízo de que no momento de efectuar a solicitude da presente axuda, si deba encontrarse debidamente empadroado no municipio.

c) Que o nacemento ou a resolución xudicial de constitución da adopción se houbese producido a partir da entrada en vigor da presente ordenanza.

#### Artigo 5. Importe e características das axudas.

1. A contía das axudas consistirá nun pago en especie único, no prazo dun mes desde a adopción da resolución pola que se concede a axuda, de cincocentos euros (500,00 €) polo nacemento ou adopción do menor.

2. A axuda en especie consistirá nunha cesta que se encontrará composta por unha serie de produtos de primeira necesidade para o infante. Concretamente, entre os produtos a entregar encontraranse os que seguen:

- Cueiros;
- Toallitas limpeza delicada para a pel de bebé;
- Crema hidratante para cueiro;
- Xabón e champú específicos para recentemente nados;
- Biberóns e chupetes;
- Leite de fórmula;
- Babeiros;
- Esponxa especial para bebés, así coma cepillo e peite;
- Talco;
- Vacinas;
- Mobiliario destinado aos infantes;
- Muselina;
- Roupas para infantes.

3. No caso de partos ou adopcións múltiples a cantidade para percibir será a suma da cantidade reflectida no apartado anterior polo número de menores nados ou adoptados.

#### Artigo 6. Compatibilidade da axuda.

A percepción desta axuda será compatible con calquera outro tipo de subvencións que teñan a mesma finalidade.

#### Artigo 7. Recursos financeiros outorgados á axuda polo Concello.

1. A contía destinada a estas axudas ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €) euros, con cargo á partida do orzamento de gastos 231.480, que deberá ser provista de crédito suficiente e adecuado en tanto continúa en vigor a presente ordenanza.

2. Unha vez esgotada dita consignación, suspenderanse as axudas ata a autorización no seu caso, de nova dotación orzamentaria.

#### Artigo 8. Tramitación das axudas.

1. Para acollerse ás axudas previstas nesta convocatoria as persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral da Corporación municipal, a correspondente solicitude nun prazo máximo dun ano dende o nacemento do infante. Todo elo sen perxuízo do indicado no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. A solicitude de subvención irá subscrita polos proxenitores, no caso de casados, parellas de feito, ou adoptantes. No caso de familias monoparentais, (o pai ou a nai). Á mesma deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI ou NIE (ou documento equivalente que acredite a identidade do estranxeiro) de ambos os proxenitores, se fose o caso. Ante a eventualidade de que o interesado actuase por medio de representante legal, deberá achegarse tamén o DNI ou NIE do representante legal e documento acreditativo da representación;
- Certificado de nacemento do recentemente nado expedido polo Rexistro Civil correspondente no caso de nacementos;
- Copia da resolución Xudicial no caso de adopcións;
- Fotocopia do Libro de familia, mentres estea en vigor;
- No caso de nulidade, separación ou divorcio, sentenza xudicial na que se atribúa ao solicitante a tutela do menor;
- Declaración responsable, incluída en cada unha das solicitudes que deberá ser facilitada polos servizos da Corporación, mediante a que se fará constar que a persoa beneficiaria non se encontre incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para obter subvencións, das establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións sobre os requisitos para obter a condición de beneficiario da axuda e, especificamente, de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes ou de calquera outro ingreso de dereito público.

3. Os servizos administrativos do Concello incorporarán de oficio, durante a instrución do expediente, certificación acreditativa dos seguintes extremos:

a) Empadramento e residencia efectiva dos proxenitores, no caso de casados ou parellas de feito, así como os adoptantes ou familias monoparentais, ben sexa pai ou nai, e data de alta no Concello de Negueira de Muñiz, con antelación mínima de 12 meses.

b) Empadramento e residencia efectiva do fillo ou fillos polos que se solicite a axuda ou subvención.

c) Se tanto os proxenitores, no caso de casados ou parellas de feito, así como os adoptantes ou familias monoparentais, ben sexa o pai ou a nai, como os nados se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Negueira de Muñiz.

4. Non será de aplicación o réxime de concorrencia competitiva das axudas, xa que terán dereito á percepción da axuda todas aquelas solicitudes que cumpran os requisitos

establecidos nesta convocatoria, dentro dos límites orzamentarios establecidos en cada exercicio.

Artigo 9. Obrigas e responsabilidades das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias da axuda estarán suxeitas ao réxime de obrigacións e responsabilidades previstos no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e precepto concordante na normativa autonómica Galega. En concreto, son obrigacións específicas das persoas beneficiarias:

a) Facer uso da axuda para o fin establecido no obxecto da presente liña de axudas en especie, e en todo caso queda prohibido a comercialización cos produtos outorgados.

b) Facilitar ao Concello de Negueira de Muñiz canta información for requirida en relación á axuda concedida.

Artigo 10. Réxime de revogación das axudas concedidas..

1. Procederá a revogación total da axuda concedida nos seguintes casos:

a) Obtención de axudas indebidas ou sen reunir as condicións requiridas para elo;

b) Falseamento ou ocultación de datos facilitados e tidos en conta para a súa concesión;

c) Negativa ou obstrución ás actuacións de control establecidas na presente ordenanza reguladora.

Os incumprimentos das persoas beneficiarias da axuda, conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa aplicable, darán lugar á cancelación da axuda.

Así mesmo, segundo o caso, dará lugar, igualmente, ao reintegro total ou parcial do produtos recibidos.

2. Con respecto ao réxime sancionador, as infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán sancionables conforme ao

previsto nas mesmas normas. En calquera caso, considerarase infracción moi grave calquera comercialización dos produtos outorgados que se realice polo beneficiario da axuda.

Artigo 11. Réxime xurídico.

Naquelas materias non expresamente reguladas para a presente ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os seus correspondentes regulamentos de desenvolvemento así coma a lexislación de réxime local e procedemento administrativo que sexa aplicable ás entidades locais.

#### DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición final primeira. A presente Ordenanza entrará en vigor nos termos e condicións reguladas na Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local.

Disposición final segunda. A ordenanza terá vixencia indefinida. Non obstante, os seus beneficios económicos soamente serán recoñecidos polo Concello de Negueira de Muñiz e esixibles polos interesados sempre e cando o orzamento de cada exercicio recolla a pertinente consignación orzamentaria.

Negueira de Muñiz, 21 de xaneiro de 2021.- O Alcalde-Presidente, Jose Manuel Braña Pereda.

R. 0155

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN**

#### **BASES DA CONVOCATORIA**

## 1. Obxecto

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 3 postos de axuda no domicilio, coa finalidade de dotar o servizo de mais persoal, debido as baixas contractuais, para a atención domiciliaria.

## 2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Axuda a domicilio
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais
Categoría profesional	9
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso
Núm. de Postos que se convocan	2 postos contrato 401 1 posto contrato 501-4horas

## 3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa e parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día e 4h/día
Retribución bruta	SMI 2021 950€/mensuais + prorrateo das extras

## 4. Requisitos dos aspirantes

### 4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

#### 4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.
- Estudios primarios ou equivalentes
- Permiso de conducir B1,AM, A1, A2, A, o vehículo sin carné.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

#### 5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios.

#### 6. Procedemento selectivo.

##### 6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalasderei@gmail.com, un resguardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso axuda a domicilio

##### 6.2. Prazo de presentación de instancias.

**Cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

##### 6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

##### 6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

##### 6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

## 6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

### Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

## 7. Fase de concurso :

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

### 1. Méritos Profesionais

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

Este apartado non pode superar os 6 puntos

### 2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e decir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

**Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.**

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

### 3. Formación extraacadémica impartida.

A puntuación neste apartado non poderá exceder de 2,5 puntos.

Consideraranse neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

En caso de empate en la fase de concurso se estará a lo dispuesto en el artículo 44 del Real Decreto 364/1995. “



### **7.1. Acreditación**

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

### **7.2. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.**

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

### **8. Constitución de bolsa de emprego**

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

### **9. Incidencias**

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

**Anexo I**

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA
.

## DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

**SOLICITO** participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

**DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE** que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

**ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES**

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

**ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):**

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1.

2.

3.

4.

(...)

(Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse).

Engade follas adxuntas á relación de méritos? \_\_ SÍ \_\_ NON (marcar con X)

Nº de follas engadidas: \_\_\_\_.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**(sinatura)**

Palas de Rei, 21 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0156

---